

# XI FESTIVAL GROBA

## Nota de prensa

**O XI Festival Groba continúa tras a estrea de Laxeiriana no Convento de Canedo interpretada pola Orquestra de Cámara Galega, baixo a dirección de Rogelio Groba Otero**

**O mércores 16, a magnífica Jasmine Choi inicia o primeiro dos tres días de concertos nos que poderemos disfrutar dunha das mellores frautistas do mundo.**

A estrea de Laxeiriana pola Orquestra de Cámara Galega dirixida por Rogelio Groba Otero conseguiu levarnos ós lienzos do pintor lalinés e a súa fusión entre modernidade e tradición aparece en cada acorde dunha obra reflexiva e de profunda admiración do mestre Groba á obra de Laxeiro.

O mércores abrirá o concerto un ensemble da Boston String Academy que interpretarán o Allegro do Cuarteto nº 3 en Fa Op 73 de D. Shostakovich.

Continuamos o mércores no Auditorio de Ponteareas coa magnífica frautista, a coreana Jasmine Choi que interpretará xunto a Julien Quentin ao piano Romances op 94 de R Schumann.

Completa o programa do mércores o quinteto formado por Petteri Iivonen (Finlandia), Benjamin Morrison (Nova Zelandia), Wenxiao Zheng (China), Georgy Anichenko (Bielorrusia) e Julien Quentin (Francia), que interpretarán o Quinteto con piano en fa menor op 34 de J. Brahms.

O xoves, ás 12 da mañá, o Duo Indigo interpretará O carnaval dos animais para un público familiar e pola tarde, o Festival Groba volve á Igrexa do Convento de Canedo con formacións de cámara.

Todos os concertos do Festival Groba son de balde, con entrada libre ata completar aforo e ás 21:00 horas e pechará o 18 de agosto.

Adxunto fotografías dos concertos de do luns. (Fotos de José Peixoto)

[www.orquestacg.com](http://www.orquestacg.com)